

Recomendacións para unhas festas ao gusto de todos e todas

Con carácter xeral

Débense atender as indicacións e suxestións que poidan transmitir os axentes da autoridade e servizos de Protección Civil, e prestarlles a colaboración necesaria para o mellor desenvolvemento das súas funcións.

Tanto se se asiste a pé como en embarcación, convén volver antes do anoitecer para ter unha maior seguridade na viaxe. Os e as camiñantes deben ir en fileira no caso de estreitura no camiño, e empregar focos nos camiños se se fai de noite, canto aos e ás navegantes deberán levar luces nas embarcacións para facilitar a súa visibilidade no río.

Ante calquera problema de saúde débese acudir aos servizos médicos instalados no Campo ou ao centro asistencial máis próximo.

Lembra que se es alérxico ás picaduras de insectos ou sofres algunha enfermidade respiratoria (asma...) debes levar o teu medicamento para evitar posibles riscos.

Non se debe:

- Sobrecargar a embarcación, para así garantir unha maior seguridade.
- Levar nas embarcacións fogos de artificio, petardos, tracas, etc.
- Bañarse no río.
- Facer lume no campo ou nas embarcacións, para evitar un risco de incendio forestal.
- Empregar envases de vidro para unha maior seguridade persoal dos romeiros e romeiras.
- Exceder no consumo de alcol, e facilitar así unha sa diversión e goce da romaxe.
- Levar vehículos de motor ao campo dos Caneiros para evitar os efectos negativos que esta circunstancia produciría, dada a tradición da romaxe.
- Tirar as sobras e o lixo ao río.

Débese:

- Por ser obrigatorio, levar chaleques salvavidas para afrontar calquera situación de urxencia.
- Levar roupa e calzado adecuado, prendas axeitadas, lixeiras e cómodas para que o aire circule como illante.
- Navegar con prudencia, a baixa velocidade e pola marxe correspondente do río, para así facilitar o tránsito doutras embarcacións, facilitando a quen o precise a máxima colaboración.
- As lanchas a motor teñen a obriga de levar un extintor para facer fronte a un risco de incendio nela.
- Depositar o lixo nos colectores instalados no campo da festa, nos embarcadoiros e no camiño, para que a estadía e o goce da romaxe, sexa máis agradable para todos e todas as participantes.
- Empregar os servizos sanitarios instalados no campo da festa e colaborar no coidado deles.

Grazas pola colaboración en beneficio de todos e todas